



AS MULLERES DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Exposición na Biblioteca de Galicia (outubro 2023-xaneiro 2024)

Material exposto

Nesta mostra reunimos toda a bibliografía existente na Biblioteca de Galicia (BdG) sobre as mulleres que, dalgunha maneira, participaron no Seminario de Estudos Galegos (SEG), coa fin de facelas visibles, de recuperalas do esquecemento e honrar a súa memoria.

-Vitrina 1 : Elas e o Seminario

Nesta 1ª vitrina están todas as obras que temos na BdG das presentadas por elas ao SEG, son as seguintes :

- **Sponer, Margot. Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega. En Nós : boletín mensual da cultura galega, Ano IX (1927) n. 37, páxinas 2-3. Ourense: Órgao da Sociedade Galega de Pubricacións "Nós". Sociedade Galega de Pubricacións "Nós", 1927.**
Sinatura : MXQ-S-059

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2092512>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=578801>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1157183&presentacion=pagina&posicion=4®istrardownload=0

Parga Pondal, Isidro ; Lorenzo Salgado, Dolores. Sobre la presencia de la magnetita y de la ilmenita en las arenas de las playas gallegas, número V (1930), páxinas 15-22. Santiago de Compostela : Seminario de Estudos Galegos, 1930.

Sinatura : PUBLIC. 287

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :



<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1074748>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584639>

Ver documento completo :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1320328&posicion=17&presentacion=pagina

- **López Cuevillas, Florentino, Fraguas, Antonio e Lorenzana, María Pura. Mámoas do Saviñao : a anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá : traballos realizados por conta da Comisión de Estudos en Galicia da "Junta para Ampliación de Estudos. En: Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Número V (1930), páxinas 67-90. [A Coruña] : Lar, 1930. Sinatura : PUBLIC. 287**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1069168>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=562718>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1263232

- **Leirós Fernández, Sara. El Padre Feijóo : sus ideas crítico-filosóficas. Santiago de Compostela : Seminario de Estudos Galegos, 1935. Sinatura : AM-8449**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=370070>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=505828>



- **Pérez Moreiras, Celsa y Charro Arias, Aniceto. Composición química de los quesos gallegos. En: Boletín de la Universidad de Santiago, nº 23. 1935, páxinas 241-245. Santiago de Compostela, 1935. Sinatura : PUBLIC. 46**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094448>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584384>

- **Cuesta, Luisa. La emigración gallega a América. En "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos- IV Sección de Historia". A Coruña: Lar, 1927. Sinatura : PUBLIC. 287**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=981390>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584439>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1320329&posicion=167&presentacion=pagina

Deseguido mostramos unha das obras de Aurora Marco (Irmandiñas, onde dedica todo un capítulo ás mulleres do Seminario) que é a investigadora que está tratando de pasar do gris ao lila a vida de todas as mulleres galegas. Tamén achegamos unha reportaxe xornalística cunha entrevista dela falando destas mulleres. Recentemente publicou un libro sobre Carmen Sierra, a primeira muller socia do Seminario e que expoñemos noutra das vitrinas.

- **Marco, Aurora. Irmandiñas. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2020, páxinas 201-240. ISBN 978-84-8487-466-9. Sinatura : DL-51339**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1801835>



- **Xestoso, Manuel. As mulleres esquecidas do Seminario de Estudos Galegos: Aurora Marco repasa a traxectoria das integrantes da institución. En Nós diario, 24/03/2023, páxinas 26-27. Santiago de Compostela: Sermos Galiza. 2023.**

Sinatura : Dep3P Est39

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2092458>



Vitrina 2 : En Alemaña estudan o galego!

A 2ª vitrina está ocupada pola alemá Margot Sponer, que nos anos 20 veu por Galicia buscando información sobre o galego medieval para faceren a súa tese de doutoramento. Desde logo chamou moito a atención e a prensa dedicoulle moito espazo : unha muller, alemá, estudando o galego, o galego medieval aínda por riba. Así que sumada á súa pertenza ao SEG resultou seren unha rara avis dentro das rara avis.

- **Sponer, Margot. Carta abierta de la señorita Margot Sponer al "Boletín" de la Academia. En: Boletín de la Real Academia Gallega . Ano XXI, número 188 (1/11/1926), páxinas 200-201. La Coruña : Real Academia Gallega, 1926. Sinatura : PUBLIC. 213**

Na carta agradecía o trato recibido na súa visita.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094445>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584436>

- **Sponer, Margot. Una alemana en Galicia impresiones de un viaje de estudio. En: Galicia nueva: periódico regional, primer diario de Villagarcía. Año XX, Núm. 7004, 17/11/1926), páxina 1. Sinatura : Dixitalizado en Galiciana**

Nesta nova da prensa Margot fala das súas impresión na viaxe de estudos con moito humor, resulta moi divertida a narración.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094452>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584437>

Documento accesible en liña:

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1335143&presentacion=pagina&posicion=1®istrardownload=0

- **Risco, Vicente. Mitteleuropa : (impresións d'unha viaxe). Santiago de Compostela: Nós. 1934.**



Sinatura : PB 1524

Margot personifica a idea internacionalista do SEG, que Pessoa describe como segue : "para ser nacional é preciso ser internacional". Alemaña naqueles anos era punteira en investigacións e estudos. Así que o contacto con Margot veu moi ben ao SEG.

De feito anos despois, cando ela xa é profesora na universidade de Berlín, servíralles de vínculo aos membros do SEG que van alí para escoitar conferencias, aprender máis sobre filoloxía... Desta relación quedan probas nos comentarios deste libro.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=847296>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=446289>

- **Fernández Armesto, F. Fraulein Sponer Galicia en Berlín. En: El pueblo gallego: rotativo de la mañana. Ano VI, número 1556 (14/02/1929), páxina 1. Vigo: Editorial Vigo, 1924-1979.**

Sinatura : Dep2 - A13

O xornalista Fdez. Armesto, que estudaba en Berlín naquel momento, fala de Margot nesta nova de prensa, onde deixa constancia do dominio do idioma e do folclore galegos por parte de Margot.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094450>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584438>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1329227&posicion=1&presentacion=pagina

- **M. Margot Sponer (Os homes, os feitos, as verbas). En: Nós : boletín mensual da cultura galega, Ano III, número 35 (15/11/1926), páxina 16. Edición facsímile. Vigo : Galaxia , D.L. 1979.**



Sinatura : H-145

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2103694>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia : na versión de 1926 :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=578953>

Documento accesible en liña na versión de 1926 :

<https://revistanos.galiciana.gal/recurso/ano-iii-n%C3%BAmero-35---15-novembro-1926/d257ced4-e3a7-4c4c-99b8-93dd1029447e?pagina=18>

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1157181&presentacion=pagina&posicion=18®istrardownload=0

- **Acuña Trabazo, Ana (comisariado). Galicia, de Nós a nós : exposición organizada pola Xunta de Galicia enmarcada na programación cultural Xacobeo 21 coa participación da Deputación de Ourense, páxinas152-153 (154-155 na versión en liña). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade : Fundación Cidade da Cultura de Galicia, 2020.**

Sinatura : FX 944

A tese de Margot sobre o galego foi considerada por algún estudoso (Antón Figueroa) unha das primeiras teses sobre a lingua galega, se non a primeira.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1957749>

Ver documento :

https://issuu.com/cidadedacultura/docs/galiciadenosanos_catalogoexposicion

- **Figueroa, Antón. Margot Sponer : do galego antigo ás fronteiras da resistencia. Santiago de Compostela : Edicións Laiovento, 2017.**
Sinatura : DL-49440

Figueroa é un dos investigadores da vida e obra de Margot.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :



<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1343231>

- **Ramón, Nicolás. A estudosa do galego á que mataron os nazis. En: Fugas, La Voz de Galicia 24/11/2017, páxina 8.**
Sinatura : Dep2-A42-A41

Reseña sobre o libro de Antón Figuroa exposto enriba : *Margot Sponer : do galego antigo ás fronteiras da resistencia*. Santiago de Compostela : Edicións Laiovento. 2017. A súa figura esperta aínda moita atención polos seus singulares intereses intelectuais e a súa vida, xa que foi branco das purgas dos nazis e finalmente asasinada por eles. Primeiro afastárona da universidade e despois foron por ela á súa casa polas súas actividades de cooperación coa resistencia. Segundo dixeron testemuñas presentes, os axentes das SS que a colleran, volveron máis tarde á casa e comentáronlles que ela xa non estaba viva.

Ver documento :

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/fugas/2017/11/24/estudosa-do-galego-a-mataron-os-nazis-margot-sponer-do-galego-antigo-as-fronteiras-da-resistencia/0003_201711SF24P8991.htm



Vitrina 3 : Unha brillante bibliotecaria

Luisa debeu ser realmente brillante : por onde pasaba ía recollendo notas extraordinarias, matrículas de honor, premios... Como case todas as do SEG debeu ser tamén das primeiras da clase.

Foi a primeira profesora universitaria de España, a primeira en matricularse en Dereito na USC... E foi a última bibliotecaria republicana que tivo a Biblioteca Nacional de España. Alí estivo protexendo o patrimonio bibliográfico os tempos da guerra.

Pero non puido conseguir o éxito profesional e social que acadou por exemplo Pura Lorenzana porque a súa ideoloxía feminista e socialista non encaixaron para nada no réxime ditatorial franquista. Non lle deron os recoñecementos que seguro merecía. Pola contra, afastárona de cargos e postos públicos de relevancia, quedou marxinada.

Foi a máis prolífica das mullers do SEG e da que máis bibliografía temos na BdG. En canto aprobou as oposicións de bibliotecas foi destinada á Biblioteca Universitaria de Santiago, lugar onde contacta cos membros do SEG e onde realiza investigacións sobre a biblioteca, a imprenta santiaguesa e a institución universitaria. Estas publicacións son unha mostra :

- **Cuesta, Luisa. La universidad gallega : su pasado, su presente y su porvenir . En Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela, Año II, número 7 (octubre-noviembre 1930). Santiago de Compostela : El Eco Franciscano, 1931. Sinatura : PUBLIC. 46**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2092515>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584641>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1157964&posicion=5&presentacion=pagina®istrardownload=0

- **Cuesta, Luisa. Los orígenes de la Biblioteca Universitaria de Santiago. En Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela, Año II, nº 4, diciembre 1929 -enero 1930. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano. 1930. Sinatura : PUBLIC. 46**



Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1851313>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584642>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1157961&posicion=5&presentacion=pagina

- **Cuesta, Luisa. La imprenta en Santiago de Compostela. En As orixes da imprenta en Galicia. Recompilación, introdución e edición de Ignacio Cabano Vázquez, páxinas 131-170. Santiago de Compostela : Consellería de Cultura e Xuventude, Dirección Xeral de Cultura, 1991.
Sinatura : G-01 BIB**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2092611>

- **Cuesta, Luisa. La imprenta en Salamanca : avance al estudio de la tipografía salmantina 1480-1944. Salamanca: Universidad de Salamanca. 1997.
(Reproducción).
Sinatura : B 13 CAS SAL**

Este traballo é outra das súas obras sobre a imprenta, neste caso de Salamanca, tamén publicou outra obra sobre a imprenta en Burgos.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=389448>

- **Cuesta, Luisa. La colonización de Patagonia en el siglo XVIII : principios jurídicos que la dirigen y condicionan. En Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela, Año 7, número 24 (abr.-jun.), páxinas 75-96. Santiago de Compostela: 1935.
Sinatura : : PUBLIC. 46**

Esta é a súa segunda tese de doutoramento (a de dereito, a outra é de historia).



Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094447>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<https://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?control=BDG20230025628>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1158008&presentacion=pagina&posicion=77

- **Cuesta, Luisa. Catálogo de obras iberoamericanas y filipinas de la Biblioteca Nacional. (con la colaboración de Modesta Cuesta). Madrid : Dirección General de Archivos y Bibliotecas, 1953.
Sinatura : B-268**

Neste traballo, coma noutros, dedícase á bibliografía dalgunhas seccións da Biblioteca Nacional de España.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=457824>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584643>

- **La Residencia de Señoritas. En: El pueblo gallego : rotativo de la mañana. Ano IV Número 1177 (13/11/1927), páxina 12. Vigo: Editorial Vigo.
Sinatura : Dep2 - A13**

O artigo de prensa recolle as impresións de Luisa sobre a Residencia de Señoritas de Madrid, primeiro centro oficial destinado a fomentar a ensinanza universitaria para mulleres en España. Concedían bolsa para as graduadas para continuar os seus estudos nas universidades americanas. Ademais de Luisa Cuesta, nesta Residencia tamén estiveron Carmen Pardo Losada, Celsa Pérez (a científica que traballou con Charro Arias e Gergorio Marañón) e Joaquina Rodríguez Caminero (unha usuaria da biblioteca do SEG).

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :



<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094451>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584441>

Documento accesible en liña:

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1248691&presentacion=pagina&posicion=12

Deseguido móstranse outras publicacións que non son obra de Luisa, senón que falan dela ou da súa obra :

- **Ruiz Cabriada, Agustín. Cuesta Gutiérrez, Luisa. En Bio-bibliografía del Cuerpo Facultativo de Archiveros Bibliotecarios y Arqueólogos: 1858-1958, páxinas 246-249. Madrid: Junta Técnica de Archivos, Bibliotecas y Museos. 1958.**
Sinatura : B-197

Nesta publicación do ano 1958 xa se recolle unha extensa bibliografía de Luisa Cuesta.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2103787>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584764>

- **Blanca Calvo, Blanco y Salaberría, Ramón. (Comisarios). Biblioteca en guerra. Madrid: Biblioteca Nacional. 2005.**
Sinatura : CB 027.54(460)“1931/1939”

A contribución de Luisa na salvagarda do patrimonio bibliográfico queda recollido neste libro, que achega tamén fotografías da biblioteca naquelas épocas. Foi a última directora republicana da Biblioteca Nacional de España .

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=407004>



Vitrina 4 : A pintora do SEG

María Corredoyra é a única das mulleres do SEG que foi artista.

No seu momento tivo bastante recoñecemento e as súas exposicións dentro e fóra do estado bastante repercusión nos medios :

- **Tercera Exposición de Arte Gallego: La Coruña, 1923: [Catálogo] Patrocinada por el Ayuntamiento de La Coruña, 1923, páxina 38.
Sinatura : PB 6755**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=417258>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/es/consulta/registro.do?id=348406>

- **Exposición de pinturas. María Corredoira: salón de las oficinas del P. N. del Turismo. Pontevedra: Imp. C. Peón, 1930.
Sinatura : PB C125-10**

Pequeno folleto que se conserva daquela época.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094449>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584442>

- **Exposición María del Carmen Corredoyra, en El Ferrol del Caudillo. En: El Correo gallego: diario político de la mañana: Ano LXVI, número 22469, (09/03/1944), páxina 4
Sinatura : Dep3P**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094006>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584766>



Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1274563&posicion=4&presentacion=pagina

- **Exposición de María del Carmen Corredoira en El Ferrol del Caudillo. En: El Ideal gallego : diario católico, regionalista e independente: Ano XXVIII, número 8583 (05/03/1944), páxina 5.
Sinatura : Dep2-A1/A4**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094000>

Ver exemplares en Galiciiana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584767>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1344230&posicion=5&presentacion=pagina

- **Bugallal , José Luis. Galicia y sus pintores : María Corredoyra, páxinas 17-18. En: Finisterre : revista de Galicia mensual ilustrada. Año 4, n. 29 (1946).
Sinatura : PUBLIC. 235**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1015274>

Ver exemplares en Galiciiana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584644>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1404402&posicion=17&presentacion=pagina

- **Falleció la pintora María Corredoyra. En: Boletín de información municipal: Ano VII Número 61 al 66 (xullo1970), páxina 30. La Coruña : Ayuntamiento de La Coruña, 1970.**



Sinatura : PUBLIC. 274

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094009>

- **Garrido Moreno, Antonio. M^a do Carmo Corredoira. En: Artistas galegos, Pintores. Rexionalismo III, páxinas 58-99. Vigo : Nova Galicia, 1997. Sinatura : G-75**

Dentro da serie de pintores galegos nesta colección de arte, dedícaselle un capítulo importante á pintora. É unha das publicacións que mellor reflicte a súa obra, con moi boas fotografías.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2092691>

- **Liaño, María de los Dolores. Pintores gallegos en las colecciones de la Diputación Provincial. La Coruña: Diputación Provincial de La Coruña, 1976. Sinatura : DL-1687**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=357696>

- **Pereira Bueno, Fernando. A presenza das mulleres pintoras na arte galega : 1858-1936. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 2004. Sinatura : BCP-20905**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=392378>

- **Corredoyra Ruiz, María del Carmen. La Ciega. En: Boletín del Patronato de la Caridad, Núm. 223, Año XIX (enero de 1941), páxina 10. A Coruña: Patronato de la Caridad, 1941. Sinatura : PUBLIC. 266**

María Corredoyra tamén probou a facer poesía, conservamos esta pequena publicación que recolle o seu intento.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :



<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094446>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584443>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1389499&posicion=10&presentacion=pagina



Vitrina 5 : As demais socias activas

- **López Pasarón, Clemente. Publicaciones escolares do Seminario d'Estudios Galegos. Método de lectura por Josefina Iglesias Vilarelle. En : A fouce. Periódico galego, n.º 54 (15 de setembro de 1932), páxina 3. Sinatura : PUBLIC. D.L. 4132**

O Método de lectura en galego de Josefa Iglesias Vilarelle foi moi controvertido : por unha banda foi criticado pola Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense, dicindo que non achegaba nada novo e usaba métodos xa descartados, só tiña de singular o de estaren en galego. Pero os galeguistas, entre eles Risco, defendérono abertamente dado que tiña en conta a realidade escolar dos nenos galegos e sobre todo por escribilo en galego, máis en consonancia coa lingua dos rapaces e rapazas das escolas galegas. Tamén o defendeu o galeguista Clemente López Pasarón na revista A Fouce, que temos en edición facsímile.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2103827>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584768>

- **Lorenzana, María Pura. Conferencia pronunciada en Santiago pol-a Señorita María Pura Lorenzana En: Suplemento nº 30 e 31 (maio e xuño 1931) de Nós: boletín mensual da cultura galega. A Cruña : Nós Publicazóns Galegas e Imprenta, 1931. Sinatura : H-75**

Pura móstrase como galeguista convencida nesta conferencia na súa idade moza, pero sempre se situou na dereita do galeguismo. O seu conservadurismo, relixiosidade valéronlle para conseguir moitos postos de traballo e cargos públicos dentro da ditadura franquista. Precisamente por iso, e ao contrario que Luisa Cuesta, tivo moito éxito e recoñecemento profesional na súa vida.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1994594>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584772>



- **La vida gallega en Cuba : órgano oficial de la Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia: Ano II Número 4 - 1951 xaneiro, páxina 33 : Visita da filla de Rosalía á casa de La Matanza de Rosalía Castro [fotografía con Pura Lorenzana].**

Sinatura : PUBLIC. 163

A figura de Pura Lorenzana destaca entre estas mulleres de altas capacidades e que buscan facer carreira profesional, rompendo co estereotipo existente ata entón. Tamén parece ser que debía ter moitas dotes de mando. Todo elo levouna a facerse sitio en todos os lugares onde se decidía algo, alí onde estivo ou quixo estar: directora de colexio e instituto, xuntas directivas, de colexios profesionais (Colexio de Doutores e licenciados de Madrid) ou padroados (coma o da Casa Museo de Rosalía). Na foto desta revista non podía faltar dona Pura como membro do padroado. Incluso chegou a presentarse a unhas "eleccións" municipais no Santiago de 1948 polo terzo familiar (17 homes e ela no medio).

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=580698> (documento fonte)

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1405273&presentacion=pagina®istrardownload=0&posicion=33

- **Pérez Bustamante, Ciriaco con la colaboración de Lorenzana, María Pura y González García, S. La población de Nueva España en el siglo XVI, páxinas 58-73. Santander: Talleres Tipográficos J. Martínez, 1928.**

Sinatura : PUBLIC. 117

A prehistoria e a historia de América foron campos que explorou Pura na súa faceta de investigadora.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=968102>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584773>

- **Leirós Fernández, Sara. Mi esperanza de siempre "vivir". Santiago de Compostela: El Eco Franciscano, 1968.**

Sinatura : DL-57858



Sara Leirós foi unha recoñecida profesora universitaria e pedagoga, pero que tamén se interesou pola teoloxía. Moitas das súas obras teñen unha marcada espiritualidade. Aínda que tamén publicou prosa literaria. Os seus estudos pedagóxicos levárona a conseguir unha das bolsas da "Junta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas" (JAE) para estudar no estranxeiro en 1936.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=655202>

- **Leirós Fernández, Sara. Dimensión teolóxica del concepto hispano de la Pedagogía. En: Compostellanum : revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela, Volume VIII, número 3 (xullo 1963), páxinas 121-140. Sinatura : H-150**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2103869>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=10000364450>

(documento fonte)

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1389150&posicion=121&presentacion=pagina

- **Pintos Barral, Xoana. Tiven a chave, a bicicleta e os catro libros : primeiras científicas na Universidade de Santiago. Vigo : Galaxia , 2021. Sinatura : DL-57164**

Xoana Pintos tamén publica estudos sobre as mulleres nos estudos experimentais na USC, dirixida por Gurriarán, que é o outro autor que se preocupou por sacar á luz estas mulleres. Neste libro Xoana trata sobre as mulleres do SEG que se dedicaron ás ciencias experimentais, das que non se sabe moito : Dolores Lorenzo, Amparo Arango, Encarnación Fraga (químicas e farmacéuticas) e logo Celsa Pérez que traballaron no laboratorio de Parga Pondal e foron tamén das primeiras en seren profesoras universitarias na Facultade de Ciencias da USC. Publicaron xunto a Pondal as tres primeiras, Celsa fíxoo con Gregorio Marañón e con Aniceto Charro Arias.



Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1985265>

- **Marco, Aurora. Carmiña Sierra : a primeira muller do Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela : Alvarellos, 2023.**

Sinatura : G-929 Sierra

O libro recién publicado pola investigadora fala da primeira muller socia do SEG, Carmen Sierra, que tamén foi unha distinguida estudante. Foi nese momento aos 17 anos cando xa foi admitida no SEG. Falan dela coma unha das represariadas polo réxime franquista. Estivo presa durante tres anos por seren do PCE. Despois da guerra rexentou unha explotación gandeira co seu home en Pontecesures (Cortinallas).

No libro de Suso de Toro "Un señor elegante" hai un capítulo onde se fala dela cando está presa, posto que é curmá de Ramón Baltar, o protagonista, tamén preso daquela. O seu home Carlos Díaz Rodríguez escíbese con Baltar interesándose por ela.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2091864>



Vitrina 6 : Protectoras e algo máis

Esta vitrina está dedicada ás mulleres que non eran socias, senón protectoras, é dicir, mantiñan o SEG coas súas doazóns porque crían no proxecto ou crían nos seus familiares que estaban máis implicados con el. O certo é que moitas eran parentes próximos como Matilde Pondal (a nai de Parga Pondal) ou Emilia Álvarez (muller de Fermín Bouza Brey socio fundador), Daría González García-Paz (irmá de Sebastián, secretario do SEG), Remedios Álvarez (casada con Abelardo Moralejo Laso, tamén membro do SEG). Outras, ademais de seren socias foron protectoras : Encarnación Fraga ou Josefa Iglesias Vilarelle. Case todas romperon co estereotipo de muller que propugnaba a ditadura (muller dedicada aos seus labores domésticos e educadora dos fillos).

Carmen Pardo Losada, por exemplo, foi unha muller con moito prestixio na ensinanza. Foi a directora da escola de mestras de Lugo 45 anos e unha importante pedagoga : impartía conferencias diversas sobre ensinanza ou disciplina no ensino primario. Ademais formou parte de diversos organismos de regulación da ensinanza. Tamén foi outra das mulleres que accederon ás bolsas da Residencia de Señoritas. Como premio ao seu labor na ensinanza ingresou na Orde de Alfonso X O Sabio.

- **Sánchez Carro, Alfredo. Doña Carmen Pardo Losada : directora de la Escuela Normal. En : El Progreso, 30 de junio de 1957, páxina 3.**

Sinatura : Dixitalizado en Galiciana

Nesta nova de prensa é entrevistada como directora honoraria da Escuela Normal de Lugo, que viña a ser unha Escola de Maxisterio para mulleres.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094098>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584775>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1270956&presentacion=pagina®istrardownload=0&posicion=3

Nos seguintes libros sobre a ensinanza en Galicia recóllese o importante labor de dona Carmen Pardo:

- **Méndez Lois, María José (coord.) Mulleres na educación en Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria : Museo Pedagógico de Galicia. 2009, páxinas 199-200.**

Sinatura : SCA-3583

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :



<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=818061>

- **Abel Vilela, Adolfo de. Cincuenta años de Formación Profesional en Lugo (1932-1981). páxinas 90-92 Lugo. 1985.**
Sinatura : D(1)-16967

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=360284>

Tamén é destacable Emilia Álvarez Álvarez, que rexentou unha farmacia na rúa do Vilar de Santiago e que tamén pertenceu á "*Sociedad Española de Física y Química*". Súa irmá Remedios tamén foi socia protectora. As dúas casaron no mesmo día con socios do SEG : a 1ª con Bouza Brey e a 2ª con Moralejo.

- **La mujer gallega y su acción social : una brillante conferencia. En : Vida gallega : ilustración regional. Vigo : [editor non identificado], 1906-[1963], Ano XXII Número. 438 – 31 xaneiro 1930 ; páxina 10.**
Sinatura : Dixitalizado en Galiciana

Temos constancia pola prensa desta conferencia que impartiu sobre Concepción Arenal. Súa filla mantén que era unha gran defensora dos dereitos das mulleres e da cultura galega. Gustaba moito de escribir, de feito recibiu un premio por un traballo nun acto organizado pola Juventud Católica Femenina.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094162>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584774>

Ver documento :

http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1171283&presentacion=pagina&posicion=10®istrardownload=0

- **Filgueira Valverde, Xosé; García Martínez, Carlos; Acuña Castroviejo, Fernando (et. al). Fermín Bouza-Brey, 1901-1973 : unha fotobiografía. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 1992.**
Sinatura : FX 2190

A través desta obra sobre o seu home coñecemos moitas fotografías de Emilia.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=363122>



- **Freire Bazarra, Isabel; Freire, José Luis y Bouza Brey, Fermín. (Casete) Fermín Bouza Brey : semblanza de Fermín Bouza Brey. Santiago de Compostela : El Correo Gallego , 1992.
Sinatura : CA 124**

De Emilia conservamos a súa voz nesta casete na que fala do seu home. Despois de morto, Emilia procurou manter a súa memoria viva.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=547405>

A que foi protectora por excelencia é dona Ángela Santamarina Alduncín, coñecida como Angelita Varela, condesa de Ouselle e Marquesa de Atalaya Bermeja, que realmente exerceu o papel de mecenas da época. Foi a que máis cartos doou ao SEG, detrás só das institucións (concellos, deputacións...), achegaba 200 pesetas anuais. Grazas a ela puideron imprimir os primeiros tomos da revista do SEG "Arquivos". Na súa casa recibía aos intelectuais máis ilustres de Ourense. Tamén lle axudou ao seu confesor, Antonio Rey Soto, a reunir a súa célebre biblioteca, que hoxe está localizada no mosteiro de Poio.

- **Homenaje a la Marquesa de Atalaya Bermeja : el alcalde le impone la Gran Cruz de Beneficencia. En : La Región : diario independiente, de intereses generales, de noticias y avisos: Ano XVII Número 4765 – 12 febrero 1926. Ourense, 1963.**

Sinatura : Dixitalizado en Galiciana

A condesa foi moi coñecida polas súas obras de caridade, nesta nova da prensa recóllese unha homenaxe que se lle fixo e onde se lle impón a Gran Cruz da Beneficencia.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094088>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=10000210486>
(docuemnto fonte)

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1216215&posicion=1&presentacion=pagina

- **El Asilo del Santo Angel, de la fundación "Santamarina Temes", tiene acogidas, actualmente, 24 niñas huérfanas. En La Región : diario**



independiente, de intereses generales, de noticias y avisos: Ano 54 Número 16494 - 1963 xaneiro 25, páxina 5. Ourense, 1963.

Sinatura : Dixitalizado en Galiciana

Nesta nova de prensa recóllese outra das súas obras de caridade: o asilo para nenas orfas que fundou en Ourense.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094109>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :

<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=10000378504>

(documento fonte)

Ver documento :

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1409096&presentacion=pagina&posicion=5®istrardownload=0

Tamén coñecemos outra protectora á que chamaban Pilar Bermúdez da que pouco sabemos, só que colaborou na colección de documentos históricos da Academia Galega. De Matilde Pondal nai de Parga Pondal tampouco sabemos máis. E menos se sabe aínda doutras coma Inés Corral Mariño ou Mercedes Vilabella.

Ademais das protectoras tamén hai outras mulleres que se relacionaron co SEG a través da súa biblioteca. Figuran como usuarias, segundo sabemos eran todas licenciadas en Historia e tamén mulleres de moi boas cualificacións. De entre elas hai que destacar sobre todo a María Silgar (María Ignacia Ramos Díez). Era unha muller de grandes capacidades, que puido ser docente na universidade, pero rexeitou a oferta. Sábese que colaborou na sombra en todos os traballos do seu home (Ricardo Carvalho Calero, membro fundador do SEG) e influiu na súa obra literaria. Mentres el estivo preso na posguerra ela mantivo as fillas dando clase en academias de Ferrol. De seguido podemos ver algunhas das súas obras como escritora e outras que falan sobre ela :

- **Silgar, María. Por las playas de Galicia : el viejo Sangenjo. En : Vida gallega : ilustración regional. [Vigo] : [s.n.], 1909-1963, Segunda época, Núm. 727 (octubre 1957) ; páxina 69**
Sinatura : PUBLIC. 1

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2094021>

Ver exemplares en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia :



<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=584645>

- **Silgar, María. Historias da miña terra: "O compadre"; "Unha merenda"; "O rato"; "A nena laída"; "A nena que non tiña boneca". En : Grial. Vigo : Galaxia, D.L. 1988, número 36 (1972), páxinas 222-235.
Sinatura : PUBLIC. D.L. 4139**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ::

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=570147>

- **Silgar, María. Historia da miña terra: "O Herdeiro da degolada". En : Grial. Vigo : Galaxia, D.L. 1988, número 42 (1973), páxinas 458-462
Sinatura : PUBLIC. D.L. 4139**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ::

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=565837>

- **Pardo de Neyra, Xulio. Á sombra de María Silgar : Carvalho Calero contra a historia única : xénese e análise d'A xente da Barreira e Os señores da Pena. [A Coruña] : Embora , 2019.
Sinatura : DL-52170**

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ::

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1532100>

E outra a destacar : María Tobío, irmá de Lois Tobío (socio fundador do SEG). Foi bibliotecaria e escritora como Luisa Cuesta. Traballou no Centro de Estudos Históricos e na BNE antes da guerra. Despois do golpe militar tivo que fuxir a Francia, onde o seu home (Pedro Martul Rey) foi confinado nun campo de concentración. No ano 1939 puideron marchar a México onde dirixiu a Escola de Señoritas, filial do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón. Cando volveron a España no 48, María foi readmitida como bibliotecaria, pero sancionada, degradada e inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de confianza, como lle pasou a Luisa Cuesta. Chegou a traballar no Arquivo Xeral de Galicia, na Biblioteca da USC e no Instituto Xelmírez.

- **Tobío, María. Anacos da vida dunha muller galega. Edición a cargo de Luís Martul e Xosé Ramón Fandiño. Sada (A Coruña) : Edicións do Castro, 2003.
Sinatura : SCA-3415**

Obra sobre as súas memorias.

Ver exemplares na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia :



BIBLIOTECA
DE GALICIA

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=387840>